

Acuidoro 	Programa de Vixilancia e Seguimento Ambiental	Data:	14/02/2024
		Revisión:	1
		Páxina:	1 de 22

PROGRAMA DE VIXILANCIA E SEGUIMENTO AMBIENTAL

Alcance: fases de construción, explotación e desmantelamento

Proxecto: ampliación das instalacións de acuicultura en Cervo – Lugo

Localización: polígono industrial de Cuíña, Cervo (Lugo)

Promotor: ACUIDORO, S.L. (B-15139785)

Resumo do proxecto

O proxecto obxecto do Programa de Vixilancia e Seguimento Ambiental, refírese á ampliación das instalacións de acuicultura que Acuidoro posúe no parque empresarial de Cuíña, en Cervo, para mellorar o proceso produtivo e aumentar a produción de alevíns de linguado e linguado en talla comercial. A presente aplicación inclúe dúas actuacións diferenciadas:

- Ampliación do criadeiro de linguados. Esta actuación inclúe unha serie de melloras a realizar nos procesos de larvario e prenursery e na construción dun novo edificio para nursery de linguado
- Ampliación das instalacións de acuicultura en Cervo-Lugo Edificio de linguado fase II (RAS FASE II). Esta actuación é complementaria á Fase I e pretende ampliar a capacidade de produción actual nas instalacións empregando a última tecnoloxía de manexo, alimentación e control

Ámbalas dúas actuacións que constitúen este proxecto desenvólvense dentro do perímetro da parcela total de Acuidoro, SLU conformada polas parcelas nº 153, nº 154 e parcela B do empresarial de Cuíña, no Concello de Cervo (Lugo).

A continuación móstrase un plano de localización das actuacións do proxecto:

Acuidoro 	Programa de Vixilancia e Seguimento Ambiental	Data:	14/02/2024
		Revisión:	1
		Páxina:	2 de 22



A toma de auga e o vertido da mesma son as existentes actualmente na granxa.

En calquera caso, tódolos elementos comúns do sistema hidráulico existente foron dimensionados para o máximo tamaño previsto das futuras ampliacións.

En concreto, os elementos situados na zona de Dominio Público Marítimo Terrestre: a captación de auga de mar e o emisario de evacuación, foron calculados no seu día e concibidos para o tamaño máximo das instalacións considerándose suficientes a día de hoxe, polo que no presente proxecto non se inclúen obras de ningún tipo na zona de Dominio Público Marítimo Terrestre.

Programa de Vixilancia e Seguimento Ambiental

O programa de Vixilancia e Seguimento Ambiental téñen por obxecto asegurar que durante o tempo que duren as obras e durante a súa explotación e posterior abandono, se preservará a calidade ambiental da zona.

Acuidoro 	Programa de Vixilancia e Seguimento Ambiental	Data:	14/02/2024
		Revisión:	1
		Páxina:	3 de 22

Levaranse a cabo os traballos de vixilancia e seguimento ambiental propostos na documentación ambiental presentada para garantir o axeitado desenvolvemento dos traballos, das medidas propostas e do seguimento destas acorde coa documentación presentada e as indicacións establecidas dos distintos organismos na fase de consulta e as que, no seu caso, establezan posteriormente.

Será necesario obter as oportunas autorizacións así como os informes necesarios de acordo coa lexislación ao respecto, previamente á execución das obras na zona de servidume e protección.

No caso de que exista algún curso fluvial ou elemento non contemplado, será de aplicación a normativa e lexislación de augas, tendo plena vixencia as prescricións establecidas na normativa e lexislación de augas.

- Ao atoparse as actuacións proxectadas afectadas pola zona de policía de leitos da canle innominada IDCURSO 950140081102, tramitouse a preceptiva autorización ante Augas de Galicia.

Previo ao inicio dos traballos de obra, a Dirección de Obra aprobará un manual de boas prácticas ambientais para difundilo entre todo o persoal. Este manual englobará as medidas necesarias tendentes a minimizar os consumos enerxético e de augas e primarase o reemprego ou reciclaxe dos residuos fronte á eliminación en vertedoiro.

Presentarase en canto estea dispoñible o informe favorable da Dirección Xeral de Saúde Pública á documentación complementaria presentada tralo requirimento recibido en canto a olores e ruídos.

Preverase o amortecemento visual dende a estrada con barreiras vexetais de especies autóctonas procurando a maior naturalidade sempre que sexa posible a plantación de especies vexetais.

Prestarase atención á intensidade, cor e dirección da iluminación das novas instalacións, procurando a mínima perturbación da contorna litoral.

Co fin de determinar correctamente os efectos xerados pola ampliación no medio realizarase un rexistro fotográfico e videográfico na contorna do punto de vertido, a 10 e 50 m antes e despois da actuación e a ámbolos dous lados do emisario.

De producirse, terase en conta que a eliminación de vexetación no dominio público hidráulico e as súas zonas adxacentes de servidume e policía deberá contar de maneira previa coa preceptiva autorización do organismo de conca correspondente.

Acuidoro 	Programa de Vixilancia e Seguimento Ambiental	Data:	14/02/2024
		Revisión:	1
		Páxina:	4 de 22

No Programa de Vixilancia e Seguimento Ambiental que se describe a continuación diferéncianse as seguintes fases:

- Construción
- Explotación
- Desmantelamento

1. FASE DE CONSTRUCCIÓN

A continuación detállase, en forma de ficha técnica, o control a realizar sobre cada un dos aspectos identificados.

	Programa de Vixilancia e Seguimento Ambiental	Data:	14/02/2024
		Revisión:	1
		Páxina:	5 de 22

1.1.1. Control de afección ao solo
Obxectivos:
- Protección das zonas alleas ás dúas áreas de traballo - Protección da vexetación e fauna existentes no entorno. - Minimizar a ocupación do solo polos traballos a realizar e posible presenza de elementos auxiliares. - Evitar os danos producidos pola circulación de vehículos fóra das zonas habilitadas para elo. - Verificar que as rutas de transporte empregadas, se manteñen en correcto estado de limpeza e enméndanse os posibles defectos xerados na capa de rodadura.
Actuacións:
Verificación de que se toman as precaucións establecidas no presente documento.
Lugar de Inspección:
Zonas nas que se estean realizando os traballos e camiños de acceso.
Parámetros de Control e Umbrais:
- A delimitación deberá estar totalmente instalada antes de que se inicien las tarefas de desbroce ou calquera outra operación que implique movemento de terras. - Non se permitirá a alteración de superficies fóra das zonas afectadas pola execución dos traballos e se esta tivese lugar accidentalmente deberán acometerse as accións necesarias para a súa rexeneración á maior brevidade posible. - Non se considerará admisible a presenza de acumulacións, depósitos ou rodeiras de barro e finos sobre a capa de rodar das rutas de transporte e accesos. - Non se permitirá a presenza de depósitos de residuos.
Periodicidade de Inspección:
- Control previo ao inicio das obras. - Xenérica: 1 Vez / Mes.
Medidas de Prevención e Corrección:
- Deberase delimitar e sinalizar sobre o terreo coa maior exactitude posible a superficie afectada na que se realizarán os traballos, así como os corredores de tránsito de maquinaria. - Verificarase a execución da delimitación na zonas a protexer (vexetación existente). - Estudarase a viabilidade dunha retirada selectiva da primeira capa de solo con vexetación para o seu esparcemento en zonas non urbanizadas do recinto da Planta. - Controlarase que a circulación de maquinaria e persoas estea limitada. - Para previr posibles afeccións, informarase ao persoal executor das obras, das limitacións existentes por cuestións ambientais, se fose o caso. A Dirección de Obra aprobará un manual de boas prácticas ambientais para difundilo entre todo o persoal. - No caso de detectarse afeccións non previstas en zonas singulares, procederase ao cerramento de ditas áreas. Procederase á reparación ou reposición da sinalización. Procederase ao desmantelamento inmediato da zona ocupada e reparación do espazo afectado.
Documentación:
Reflexo do Estado e Incidencias (si as houbese) nos Informes de Seguimento Ambiental.

Acuidoro 	Programa de Vixilancia e Seguimento Ambiental	Data:	14/02/2024
		Revisión:	1
		Páxina:	6 de 22

1.1.2. Control da calidade do aire
Obxectivos:
Evitar que as emisións atmosféricas debidas aos traballos eleven de forma apreciable os niveis de partículas en suspensión na atmosfera.
Actuacións:
Verificación de que se toman as precaucións establecidas na presente ficha.
Lugar de Inspección:
Superficie de obra e vías de acceso.
Parámetros de Control e límites:
Os parámetros de control serán a presenza de po en suspensión na atmosfera derivado das actuacións de obra. Os límites que se establecen serán: - Excesivos niveis de po na vexetación do entorno. - A presenza ostensible de po por simple observación visual. - A maquinaria de obra no presenta la documentación en vigor. - Apertura de queixas e reclamacións derivadas da xeración de po e o traslado de maquinaria.
Periodicidade de Inspección:
1 Vez / Mes.
Medidas de Prevención e Corrección:
- Controlar o estado da vexetación do entorno máis próximo ás obras (presenza de partículas de po nas follas). - Cobertura do carro dos camións cun toldo e outro sistema que evite a dispersión de finos e partículas. No caso de que non se realice o tapado da carga, realizaranse regos da carga dos camións, previos ao inicio do transporte. - Controlar que a circulación de maquinaria se realice exclusivamente polas zonas de obra. - Realización de limpeza periódicas dos vehículos de transporte. - Minimizarase a emisión de po e gases á atmosfera. Deste xeito, durante a fase de construción, e en relación ás posibles alteracións da calidade do aire pola emisión de po á atmosfera debido á acción da maquinaria e aos movementos de terras, procederase á rega de vías e zonas de obra cando se dean condicións de seca e/ou fortes ventos, evitando en todo momento os asolagamentos e escorrentas. - A maquinaria de obra cumprirá coa normativa de emisións que lle resulte de aplicación, debendo dispoñer de documentación acreditativa ao respecto.
Documentación:
- Reflexo do Estado nos Informes de Seguimento Ambiental. - Reflexo de Incidencias en Informes Específicos de Incidencias. - Rexistro de queixas e reclamacións en relación á xeración de po e o traslado de maquinaria.

Acuidoro 	Programa de Vixilancia e Seguimento Ambiental	Data:	14/02/2024
		Revisión:	1
		Páxina:	7 de 22

1.1.3. Control de operación e aspectos de obra con incidencia sobre os niveis sonoros
Obxectivos:
Manter os niveis sonoros garantidos pola normativa vixente no entorno da obra
Actuacións:
Verificar que se realiza e se mantén unha programación flexible das actividades de obra de forma que se eviten situacións nas que a acción conxunta de varios equipos ou accións causen niveis de rúidos elevados durante períodos prolongados de tempo. Verificar que se realiza o correcto uso e mantemento de toda a maquinaria de obra, ao obxecto de reducir ao mínimo as súas emisións sonoras. Verificar que no entorno das áreas de traballo non se superan os límites normativos. Toma de datos respecto dos niveis de presión sonora soportados no perímetro da zona de obra.
Lugar de Inspección:
Zonas de Obras. Medicións Niveis Acústicos nos Puntos de medición que se establezan.
Parámetros de Control e Límites:
Non se considerará aceptable a realización de operacións de maquinaria, cargas e descargas sen os coidados necesarios para evitar exabruptos e rúidos impulsivos. Considerarase inaceptable a superación dos niveles normativos. Considerarase motivo suficiente para moderar a actividade de obra e/ou evitar a execución conxunta de actividades cando, nos lugares de inspección, se superen los límites normativos máis dun 60 % do período (L_{60}). Sempre considerando os niveles sonoros existentes e o incremento imputable á obra.
Periodicidade de Inspección:
1 Vez / Trimestre.
Medidas de Prevención e Corrección:
Se se detecta que parte ou a totalidade das operacións de movementos de maquinaria e operacións de carga e descarga se realizan sen os coidados obvios (velocidades moderadas, ausencia de aceleracións bruscas, descargas bruscas, etc.), informarse no momento á adxudicataria, para que no prazo de 48 horas se dea resposta a dita carencia. Volverase a incidir sobre os condutores e maquinistas na necesidade de cumprir en todo momento cos coidados necesarios en ditas operacións. Verificarase a adopción das medidas prescritas nun prazo máximo de 48 horas dende a sinalización da incidencia. Os niveis de presión sonora cumprirán coa normativa vixente, tendo en conta que no caso en que se superen os límites legalmente establecidos, teranse que adoptar as medidas correctoras oportunas tales como o incremento do illamento dos equipos, pantallas de illamento, etc. Teranse en conta de ser o caso, as ordenanzas municipais ao respecto Se se detecta unha superación dos niveis normativos, poñerase en contacto coa dirección de obra ao obxecto de que se proceda a solucionar a situación mediante: 1. Separación no tempo e espazo de actividades máis ruidosas. 2. Evitar actividades ruidosas en período nocturno. 3. Extremar a aplicación dun código de boas prácticas en período nocturno. 4. De forma previa ao reinicio das operacións, deberá ser verificado “in situ” que se tomaron as medidas prescritas.
Documentación:
Reflexo do Estado e Incidencias (si as houbese) nos Informes Mensuais de Seguimento.

Acuidoro 	Programa de Vixilancia e Seguimento Ambiental	Data:	14/02/2024
		Revisión:	1
		Páxina:	8 de 22

1.1.4. Control da calidade das augas das balsas de decantación
Obxectivos:
- Comprobar que os traballos non xeren afección á calidade das augas mariñas. - Controlar a eficacia das balsas de decantación do parque de maquinaria e do sistema de drenaxe perimetral, das cunetas de drenaxe perimetrai e dos sistemas de retención de sedimentos que se instalen. - Realizar controis analíticos das augas xeradas polas balsas.
Actuacións:
- Verificación de que se toman as precaucións establecidas no presente documento.
Lugar de Inspección:
- Balsas de decantación - As zonas de localización dos dispositivos de retención de sólidos que se prevén instalar.
Parámetros de Control e Umbrais:
- Presenza de excesiva cantidade de sólidos procedentes dos movementos de terras nas balsas de decantación. - Excesivos niveis de colmatación por sólidos nos dispositivos de drenaxe e nas barreiras anti arrastres, e comprobación visual da eficacia ou non dos mesmos. - Niveis normativos para o control da calidade das augas.
Periodicidade de Inspección:
- Xenérica: 1 Vez / Mes. - Mostreos de calidade das augas: mensual nas balsas de decantación (se se produce vertido fóra da balsa)
Medidas de Prevención e Corrección:
- A instalación dos dispositivos de control (balsas/cunetas) deberá estar totalmente instalado antes de que se inicien os traballos de desbroce e movementos de terra. - Verificación “in situ” de que os dispositivos de retención de sedimentos non se encuetran colmatados e/ou comprobación visual da efectividade de retención de sedimentos nos mesmos. - Mostreos analíticos mensuais.
Documentación:
- Reflexo do estado nos Informes de Seguimento Ambiental. - Reflexo de Incidencias en Informes Específicos de Incidencias.

	Programa de Vixilancia e Seguimento Ambiental	Data:	14/02/2024
		Revisión:	1
		Páxina:	9 de 22

1.1.5. Control da calidade das augas
Obxectivos:
- Comprobar que os traballos non xeren afección á calidade das augas mariñas. - Realizar controis analíticos das augas industrias xeradas polas obras.
Actuacións:
- Verificación de que se toman as precaucións establecidas na presente ficha.
Lugar de Inspección:
- Zona de obra. - Balsas de decantación - As zonas de localización dos dispositivos de retención de sólidos que se prevén instalar. - Puntos de mostraxe: Saída das balsas de decantación e punto de mostraxe na conducción de desaugue da planta establecido na Autorización de vertido
Parámetros de Control y Umbrales:
- A instalación dos dispositivos de control (balsas/cunetas) deberá estar totalmente rematada antes de que se inicien os traballos de desbroce e movementos de terra. - Deberase contar cun equipo de intervención rápida antivertidos en cada unha das zonas de instalacións auxiliares. - Presenza de excesiva cantidade de sólidos procedentes dos movementos de terras nas balsas de decantación. - Excesivos niveis de saturación por sólidos en los dispositivos de drenaxe e nas barreiras anti arrastres, e comprobación visual da eficacia ou non dos mesmos. - Niveis normativos para o control da calidade das augas.
Periodicidade de Inspección:
- Control previo ao inicio das obras. - Xenérica: 1 Vez / Mes. - Mostraxe de calidade das augas: mensual nas balsas de decantación (se se produce vertido)e no desaugue da planta.
Medidas de Prevención y Corrección:
- Verificación “in situ” de que os dispositivos de retención de sedimentos no se atopan saturados e/ou comprobación visual da efectividade de retención de sedimentos nos mesmos. - Verificación “in situ” de que os dispositivos de retención de sedimentos non se atopan colmatados e/ou comprobación visual da efectividade de retención de sedimentos nos mesmos. - Verificación da presenza do equipo de intervención rápida antivertidos. - Verificar a formación do personal no uso do equipo de intervención rápida antivertidos. - Mostraxes analíticas mensuais.
Documentación:
- Reflexo del Estado nos Informes de Seguimento Ambiental. - Reflexo de Incidencias en Informes Específicos de Incidencias.

	Programa de Vixilancia e Seguimento Ambiental	Data:	14/02/2024
		Revisión:	1
		Páxina:	10 de 22

1.1.6. Control da afección á vexetación autóctona e a biodiversidade
Obxectivos:
Reducir a afección á vexetación existente no entorno no que se realicen os traballos.
Actuacións:
Verificación de que se toman as precaucións establecidas na presente ficha.
Lugar de Inspección:
Zonas nas que se estean realizando os traballos e camiños de acceso.
Parámetros de Control e límites:
- Non se considera admisible ningún tipo de afección sobre a vexetación non afectada directamente polo recheo, polo paso de maquinaria ou outras operacións de obra. - Non se considera admisible o incumprimento das precaucións establecidas no presente Plan de Control da Vexetación.
Periodicidade de Inspección:
- Previo ao inicio das obras revisarase se se realizaron os traballos de balizado das superficies de ocupación definidas e aprobadas. - Durante a duración dos traballos, 1 vez ao mes.
Medidas de Prevención e Corrección:
- Delimitación da zona de actuación antes do inicio dos traballos de recheo. - Delimitación das zonas de tránsito de maquinaria. - Evitarase en todo momento a queima de restos vexetais, salvo que xustificadamente fora necesario, en cuxo caso solicitarase o permiso de queima no Distrito Forestal correspondente. - Procederase á cubrición dos transportes de terras, cando haxa condicións de xeración de po (sequidade ambiental, vento,...), para evitar a afección á vexetación do entorno, especialmente as masas definidas como prioritarias: bosques de ribeira e caducifolios climáticos. - No caso de que se observaran irregularidades na adopción das medidas de Protección da Vexetación informarase inmediatamente á empresa construtora para que resolva as carencias detectadas. - Desocupación inmediata das superficies non programadas.
Documentación:
- Reflexo do Estado nos Informes de Seguimento Ambiental da obra. - Reflexo de Incidencias nos Informes Específicos de Incidencias.

Acuidoro 	Programa de Vixilancia e Seguimento Ambiental	Data:	14/02/2024
		Revisión:	1
		Páxina:	11 de 22

1.1.7. Control da afección á vexetación non autóctona existente no recinto da Planta
Obxectivos:
Reducir a afección á vexetación non autóctona existente no recinto da Planta.
Actuacións:
Verificación de que se toman as precaucións establecidas no presente documento.
Lugar de Inspección:
Recinto da Planta.
Parámetros de Control e Umbráis:
- Evitar a eliminación de exemplares que pola súa ubicación ou estado sanitario poidan ser conservados e/ou trasplantados.
Periodicidade de Inspección:
- Previo ao inicio das obras identificaranse os exemplares que poidan ser conservados e/ou trasplantados. - Durante a duración dos traballos, 1 vez ao mes.
Medidas de Prevención e Corrección:
- Delimitación da zona de actuación antes do inicio dos traballos de recheo. - Delimitación das zonas de tránsito de maquinaria. - Evitarase en todo momento a queima de restos vexetais, salvo que xustificadamente fora necesario, en cuxo caso solicitarase o permiso de queima no Distrito Forestal correspondente. - Procederase á cubrición dos transportes de terras, cando haxa condicións de xeración de po (sequidade ambiental, vento,...), para evitar a afección á vexetación do entorno, especialmente as masas definidas como prioritarias: bosques de ribeira e caducifolios climáticos. - No caso de que se observaran irregularidades na adopción das medidas de Protección da Vexetación informárase inmediatamente á empresa construtora para que resolva as carencias detectadas. - Desocupación inmediata das superficies non programadas.
Documentación:
- Reflexo do Estado nos Informes de Seguimento Ambiental da obra. - Reflexo de Incidencias nos Informes Específicos de Incidencias.

	Programa de Vixilancia e Seguimento Ambiental	Data:	14/02/2024
		Revisión:	1
		Páxina:	12 de 22

1.1.8. Control da propagación de especies invasoras
Obxectivos:
Evitar a propagación polas obras da especie invasora Cortaderia selloana.
Actuacións:
Verificación de que se toman as precaucións establecidas no presente documento.
Lugar de Inspección:
Áreas de traballo.
Parámetros de Control e Umbrais:
- Aplicación do plan de identificación e eliminación - Incorrecta xestión dos residuos xerados.
Periodicidade de Inspección:
- Previo ao inicio das obras identificaranse os exemplares a eliminar. - Inspección ao remate dos traballos de eliminación - Durante a duración dos traballos, inspección dos novos brotes no entorno, 1 vez ao mes.
Medidas de Prevención e Corrección:
- No caso de que se observaran irregularidades na eliminación da vexetación invasora, informárase inmediatamente á empresa constructora para que emende as carencias detectadas.
Documentación:
- Reflexo do Estado nos Informes de Seguimento Ambiental da obra. - Reflexo de Incidencias nos Informes Específicos de Incidencias.

Acuidoro 	Programa de Vixilancia e Seguimento Ambiental	Data:	14/02/2024
		Revisión:	1
		Páxina:	13 de 22

1.1.9. Control da afección á fauna
Obxectivos:
Evitar que as actividades de obra xeren afeccións á fauna.
Actuacións:
Verificación de que se toman as precaucións establecidas na presente ficha.
Lugar de Inspección:
Zonas nas que se estean realizando os traballos e camiños de acceso.
Parámetros de Control e límites:
Non se considera admisible o incumprimento das precaucións establecidas no presente Plan de Control da Fauna.
Periodicidade de Inspección:
- Previo ao inicio das obras cotexarase se se realizou a inspección previa da presenza de niños nas áreas de traballo e se se realizaron os traballos de balizado das superficies de ocupación definidas e aprobadas. - Durante a duración dos traballos, 1 vez al mes.
Medidas de Prevención e Corrección:
- Revisión previa da presenza de niños. - As actividades de obra deberán restrinxirse á zona marcada pola delimitación temporal de zona de obras. - Comprobación “in situ” da realización de traballos de balizado/delimitación. - Controlar que os equipos e maquinaria cumpren a normativa en vigor. - Controlar a limitación de velocidade dos vehículos a 30 km/h nas proximidades da zona de costa co obxecto de evitar atropelos involuntarios de animais. - Controlarase que antes do inicio dos traballos de limpeza e desherbado realízase unha inspección da zona constatando a ausencia de zonas de cría e/ou nidificación. - Durante a fase de execución poden causarse danos á calidade das augas (turbidez), con efectos negativos sobre a fauna. Por elo, tódalas medidas proxectadas para o control da calidade das augas durante a fase de execución (cunetas do perímetro, barreiras de retención de sedimentos, etc.), evítanse alteracións sobre os ecosistemas acuáticos, xa sexa por variación das condicións físico-químicas da auga (contaminación, aumento da turbidez) ou por acumulación de sedimentos.
Documentación:
- Informes de Seguimento Ambiental. - Reflexo de Incidencias en Informes Específicos.

Acuidoro 	Programa de Vixilancia e Seguimento Ambiental	Data:	14/02/2024
		Revisión:	1
		Páxina:	14 de 22

1.1.10. Control da xestión de residuos en obra
Obxectivos:
Verificar que durante as obras realízase a correcta xestión dos residuos xerados.
Actuacións:
- Verificación antes do inicio das obras que a adxudicataria conta cun Plan de Execución da Xestión de Residuos en Obra (PEXR) e que este se adecúa aos requisitos legais vixentes ye aos condicionantes establecidos no presente PAA. - Verificación antes do inicio das obras que a adxudicataria conta con contratos cos xestores necesarios para cada tipo de residuos. - Verificación en obra que a adxudicataria aplica adecuadamente el PEXR. - Verificación en obra que a adxudicataria xestiona convenientemente os residuos a través dos xestores autorizados contratados para elo. - Verificación en obra de que a adxudicataria leva a cabo as medidas de reciclado na obra segundo a lexislación de aplicación.
Lugar de Inspección:
Zona de Obras, instalacións e rutas de acceso.
Parámetros de Control e límites:
Non se considerará admisible o incumprimento dos requisitos especificados no apartado de Actuacións da presente ficha, principalmente os seguintes: • Segregación de ao menos os seguintes residuos: madeira, fraccións de minerais (formigón, ladrillos, azulexos, cerámica e pedra), metais, vidro, plástico e escaiola. • Traballos de demolición de forma selectiva. • Residuos dispersos fóra da zona de obra
Periodicidade de Inspección:
Xenérica: 1 Vez / Mes.
Medidas de Prevención e Corrección:
- No caso de que se observara o incumprimento de calquera de los requisitos especificados no apartado de Actuacións da presente ficha, informárase inmediatamente á adxudicataria para que no prazo de 24 horas resolva as carencias detectadas ou xustifique o cambio de emprazamento. - Verificarase “in situ” que se tomaron as medidas prescritas no prazo de 24 horas dende a sinalización da incidencia.
Documentación:
Reflexo do Estado nos Informes Mensuais de Seguimento. Reflexo de Incidencias nos Informes Específicos de Incidencias.

	Programa de Vixilancia e Seguimento Ambiental	Data:	14/02/2024
		Revisión:	1
		Páxina:	15 de 22

1.1.11. Control do medio socioeconómico
Obxectivos:
Verificar que se toman as medidas definidas no Proxecto para asegurar a redución do Impacto social.
Actuacións:
Verificación de que se toman as precaucións establecidas na presente ficha.
Lugar de Inspección:
Zona de traballo e viario de obra.
Periodicidade de Inspección:
Xenérica: 1 Vez / Mes.
Medidas de Prevención e Corrección:
- Mantemento da circulación por estradas e viario directamente afectado. - Limpeza da zona de obra. - Redución de emisións atmosféricas. Control da maquinaria de obra. - Redución de emisións sonoras. Control da maquinaria de obra. No caso de que se observaran irregularidades na adopción das medidas establecidas para a Redución do Impacto Social, informarase inmediatamente á empresa construtora para que resolva as carencias detectadas.
Documentación:
Reflexo do Estado nos Informes de Seguimento. Reflexo de Incidencias nos Informes Específicos de Incidencias.

	Programa de Vixilancia e Seguimento Ambiental	Data:	14/02/2024
		Revisión:	1
		Páxina:	16 de 22

FASE DE EXPLOTACIÓN

A ampliación proxectada, seguirá o mesmo plan de Vixilancia Ambiental que a instalación existente, en función da DIA, DEA e informe ambiental unificados e a Autorización de Vertido de Aplicación, e que se base na realización dun seguimento ambiental da planta, con emisión de informe cada 6 meses.

Os controis a realizar refírense a aspectos xerais do funcionamento, así como o control de elementos específicos.

1.1.12. Aspectos xerais de funcionamento.

Os principais aspectos a controlar neste apartado son os seguintes:

- Mantemento preventivo e corretivo das instalacións realizados.
- Seguimento da xeración de residuos, a súa correcta xestión e monitorización de resultados para aplicar melloras de valorización, reciclaxe ou reutilización.
- Uso de Mejores Técnicas Disponibles (MTD’s) compatibles co bo estado dos peixes a través de traballos do departamento de I+D+I del grupo Stolt Sea Farm.

1.1.13. Control da calidade das augas

Continuarase executando o control das augas de toma e vertido establecido na Autorización de Vertido de aplicación.

As análises serán realizadas por empresa ECA, verificando os límites máximos establecidos na autorización de vertido de Augas:

PARÁMETRO (unidades) DE ENTRADA e SAÍDA	LÍMITE MÁXIMO INCREMENTO (S-E)	PERIODICIDADE	INFORME
Sólidos en Suspensión (mg/l)	< 5	semestral	semestral
Nitritos (mg/l)	< 0,05		
Carbono Orgánico total (mg/l)	< 5		
Fosfatos (mg/l)	< 0,2		
MEDIO RECEPTOR (Sólidos en suspensión, nitritos, fosfatos, carbono orgánico total e amonio)	-	anual	anual

1.1.14. Seguimento da Avifauna

Continuarase co seguimento da Avifauna realizado na actualidade, sen que se considere

Acuidoro 	Programa de Vixilancia e Seguimento Ambiental	Data:	14/02/2024
		Revisión:	1
		Páxina:	17 de 22

necesaria a modificación da ubicación dos puntos e itinerarios de mostreo.



Puntos de avistamiento e itinerarios de seguimento da avifauna

Emitirase un Informe Semestral.

1.1.15. Seguimento dos Niveis sonoros

PROPOSTA DE PUNTOS DE MEDICIÓN ACÚSTICA EN FASE DE EXPLOTACIÓN PARA TÓDALAS NAVES EXISTENTES E FUTURAS NA GRANXA ACUICOLA CERVO, UNIFICANDO O SEGUIMIENTO DE TÓDALAS FASES DE AMPLIACIÓN ATA A DATA.

PUNTOS DE MEDICION PROPOSTOS PARA A FASE DE EXPLOTACIÓN

Puntos de medición acústica propostos para a fase de explotación do conxunto de instalacións da granxa acuícola de Cervo

	Programa de Vixilancia e Seguimento Ambiental	Data:	14/02/2024
		Revisión:	1
		Páxina:	18 de 22

PUNTO	DESCRICIÓN
RV01	Vivienda E
RE09	Esquina SE nova nave RAS II
RE03	Esquina nave SE nave existente
RE05	Esquina SW nave existente

Os puntos propostos para o seguimento en fase de explotación de tódalas instalacións existentes ao final das obras corresponden con:

- RV01: Vivenda ubicada ao Leste da granxa e no mesmo lado da estrada LU-P-1510, onde el Servizo de Sanidade Ambiental recomenda efectuar controis.
- Os puntos RE09, RE03 e RE05 (Ruido en Explotación), encóntanse no límite exterior da granxa xa que para facer mostreos de tarde e noite non se poderá acceder á mesma. Estes puntos corresponden respectivamente con:
 - punto R09 proposto como novo punto de seguimento en fase de obras, no PVA do EIA da Ampliación da Hatchery e RAS II, pero no exterior da granxa.
 - punto R03 onde se vén facendo seguimento de ruidos en fase de explotación ata a data.
 - punto R05 onde se vén facendo seguimento de ruidos en fase de explotación ata a data.

XUSTIFICACIÓN

Os puntos de seguimento de ruido en fase de explotación aplicados ata a data, estaban tomados no perímetro das naves construídas ata decembro de 2023, dentro do solo de uso industrial según planeamento.

Conforme ao informe do Servizo de Sanidade Ambiental, é de interese verificar en fase de explotación, o cumprimento dos niveis acústicos percibidos nas edificacións sensibles a ruidos como son as vivendas.

Únicamente a vivenda localizada ao Leste da granxa (Punto RV01) podería potencialmente percibir os ruidos emitidos na granxa en fase de explotación, en función da dirección do vento e a orografía, aínda que a simulación acústica realizada non indica afección acústica en dita vivenda. Esta vivenda está afectada polo ruido da estrada LU-P-1510, que se atopa máis preto da vivenda que a granxa acuícola.


O resto de vivendas do entorno de 300 m ao perímetro da finca da granxa, encontráanse tras o terraplén dunha liña de ferrocarril, e detrás de outras naves do polígono de Cuíña (solo industrial), polo que non é posible a transmisión do ruido da granxa.

Por tanto, propónse manter a vixilancia en fase de explotación no elemento sensible existente

Acuidoro 	Programa de Vixilancia e Seguimento Ambiental	Data:	14/02/2024
		Revisión:	1
		Páxina:	19 de 22

(vivienda RV01) e monitoriza-los ruidos emitidos no lado Leste da graxa (puntos RE09 e RE03), como complemento á vixilancia en dita vivienda, ademáis de controlar o ruído emitido na esquina oposta da granxa polo seu lado Oeste (punto RE05) para seguir vixiando as emisións da granxa no seu conxunto.

PLANO: Puntos propostos de Seguimento de ruidos en Fase de explotación do conxunto das instalacións futuras, en comparación cos puntos medidos en explotación ata a data, e os puntos de control de ruidos en fase de obras da ampliación da Granxa Acuidola Cervo.



FRANXA HORARIA

Atendendo ao informe do Servizo de Sanidade Ambiental realizaranse medicións nas tres franxas horarias, mañá, tarde e noite.

FRECUENCIA

Emitirase un Informe Semestral, mantendo a frecuencia actual de seguimento en fase de explotación.

Acuidoro 	Programa de Vixilancia e Seguimento Ambiental	Data:	14/02/2024
		Revisión:	1
		Páxina:	20 de 22

1.1.16. Control da propagación das especies invasoras

Durante a fase de explotación realizarase o seguimento do control da aparición de especies invasoras, tal e como se recolle no EIA.

FASE DE ABANDONO

Como se sinalou no EIA, cando se produza o cese da actividade, o desmantelamento das instalacións da presente Ampliación produciríase de forma conxunta coas instalacións existentes, entrando a formar parte dun único conxunto, xa considerado ao programar a construción orixinal.

O seguimento realizarase sobre os elementos, efectos e medidas ambientais identificados e implementados no estudo de impacto específico a elaborar de forma previa ao cese de actividade.

Levarase a cabo o establecido na DIA de aplicación ao respecto da fase de abandono e que fai referencia á xestión de:

- *os aceites das máquinas, procedendo á súa retirada ao exterior por xestor autorizado legalmente.*
- *os peixes das piscinas, almacenando os mesmos en cámaras frigoríficas e procedendo á súa retirada ao exterior por xestor autorizado legalmente.*
- *Tódalas materias orgánicas ou inorgánicas susceptibles de contaminación.”*

Informes/ listado de comprobacións en fase de construción e fase de explotación

Dende o inicio das obras para a posta en marcha do proxecto, presentaranse informes de seguimento ambiental á Consellería do Mar.

Con cada informe de seguimento ambiental presentado, incorporarase un listado de comprobación para que poida facerse público.

A continuación preséntanse nas táboas 1 e 2 as actuacións do plan de vixilancia.

Acuidoro 	Programa de Vixilancia e Seguimento Ambiental	Data:	14/02/2024
		Revisión:	1
		Páxina:	21 de 22

Táboa 1

Fase de construción	Actuación a reflectir no informe	Frecuencia	Observacións
Boas prácticas ambientais	Evidencia de ter entregado a todo o persoal de obra o Manual de boas prácticas ambientais aprobado pola Dirección de Obra	No primeiro informe mensual	
Control de afección ao solo	Inspección visual cumprimento das medidas de prevención e corrección establecidas no Documento Ambiental do Proxecto e no presente plan de vixilancia	Mensual	
Calidade do aire	Inspección visual e documental do cumprimento das medidas de prevención e corrección establecidas no Documento Ambiental do Proxecto	Mensual	
Control dos niveis sonoros	Medicións dos niveis acústicos nos puntos que se establezan	Trimestral	
Control da calidade das augas	Medicións parámetros contemplados na Autorización de Vertidos á saída da balsa de decantación (no caso de haber vertido fóra da balsa) e na canle de desaugue da planta	Control previo ao inicio das obras e logo mensual	
Control da afección á vexetación e á biodiversidade	Inspección visual cumprimento das medidas de prevención e corrección establecidas no Documento Ambiental do Proxecto e no presente plan de vixilancia	Control previo ao inicio das obras e logo mensual	
Control da afección á fauna	Inspección visual e documental do cumprimento das medidas de prevención e corrección establecidas no Documento Ambiental do Proxecto	Control previo ao inicio das obras e logo mensual	
Control da xestión de residuos en obra	Inspección visual e documental do cumprimento das medidas de prevención e corrección establecidas no Documento Ambiental do Proxecto e no presente plan de vixilancia	Mensual	
Control do medio socioeconómico	Inspección visual cumprimento das medidas de prevención e corrección establecidas no Documento Ambiental do Proxecto	Mensual	
Afección visual	Reportaxe fotográfica antes das obras e depois na zona de vertidos (a 10 e 50 m a ámbolos dous lados do emisorio)	Previo inicio e cando rematen as obras	

Acuidoro 	Programa de Vixilancia e Seguimento Ambiental	Data:	14/02/2024
		Revisión:	1
		Páxina:	22 de 22

Táboa 2

Fase de explotación: punto de control	Actuación a reflectir no informe	Frecuencia	Observacións
Control da calidade das augas	Medicións analíticas de augas industriais e de medio receptor que mostren o cumprimento do condicionado da Autorización de Vertidos	Semestral	Á vista dos resultados obtidos durante os dous primeiros anos de seguimento ou proposta motivada do promotor, poderase modificar o contido dos sucesivos informes ou a frecuencia dos controis e informes a realizar
Plan de seguimento dos sedimentos e fauna bentónica na área de vertido	Medicións analíticas nos puntos propostos	Semestral	
Control do nivel de ruído	Medicións	Semestral	
Correcta xestión dos residuos e subproduto animal	Evidencia documental da correcta xestión e balance	Anual	